



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

PILAR SABORIDO DIAZ, SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL E DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA, por delegación Resolución do 27.10.25.

CERTIFICO: Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 28 de outubro do 2025, ditaminou a seguinte proposta:

1. PRESENTACIÓN DO CALENDARIO PREVISTO PARA A TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2026 E APERTURA DO PRAZO DE EMENDAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS. EXPTE. 97/142 (EXPEDIENTE PLENO 5175/1101)

De acordo co previsto no art. 82.2 do Regulamento Orgánico do Pleno (BOPPO núm. 87 do 10/05/2021) a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda queda informada do expte. 97/142 da presentación do calendario previsto para a tramitación e aprobación do orzamento 2026 e a apertura do prazo de emendas polos grupos municipais, do que se deu acceso electrónico aos compoñentes desta Informativa dende o día da convocatoria da mesma o 23/10/2025. Queda enterada, así mesmo, do calendario de tramitación proposto polo Director Superior contable e orzamentario e polo Concelleiro delegado da Área de goberno de de Orzamentos e Facenda.

O Concelleiro delegado da Área de goberno de Orzamentos e Facenda realiza unha breve explicación do calendario proposto, que consta no expediente electrónico 97/142, subliñando os principais fitos mais inmediatos. O 4/11/25 o remate do prazo para a presentación de emendas, as 12,00 horas; o 11/11/202 o ditame da Comisión informativa das emendas presentadas e da proposta, e o 14/11/2024 a celebración do Pleno para a súa aprobación inicial.

Os membros da Informativa mostran a súa conformidade co calendario de tramitación proposto, non formulando ningún obxeccións ou dificultades no acceso electrónico ao expte.

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.
am



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/11/2025 10:46	Páxina 1 de 1
97-142	CSV: A5ABDB-313153-EH5DD5-UTT99T-EYE7V8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		